

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

4884 *Orde SPI/573/2011, do 11 de marzo, pola que se modifican os anexos III e VII do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.*

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, recolle no seu anexo III o contido da carteira de servizos de atención especializada. Sinala especificamente no punto 5.2.16, modificado pola Orde SAS/1904/2009, do 8 de xullo, o contido dos transplantes de órganos, tecidos e células de orixe humana.

No transplante de órganos sólidos no noso país a doazón de vivo centrouse fundamentalmente no ril e en menor medida no fígado, cunha tendencia ao incremento anual, e prevese que continúe este aumento nos próximos anos.

No caso dos transplantes de proxenitores hematopoéticos, poden ser autólogos, é dicir, realizados a partir do propio paciente ou aloxénicos, isto é, a partir dun doador altruísta (sangue periférico ou medula ósea) ou dunha unidade de sangue de cordón umbilical. Estes transplantes aloxénicos, pola súa vez, poden ser familiares ou de doador non emparentado. Precisamente nos últimos cinco anos presentouse un incremento da actividade transplantadora de proxenitores hematopoéticos en España e isto foi debido, sobre todo, ao aumento no número de transplantes aloxénicos realizados.

Aínda que o financiamento dos gastos dun transplante de órgano sólido, tecido ou células en xeral non presenta dúbidas, no caso dun transplante de vivo de órganos sólidos (ril e fígado) ou dun transplante de proxenitores hematopoéticos familiares existen certas lagoas á hora de determinar a entidade que debe aboar os gastos derivados da doazón. En ocasións, sobre todo cando o doador está asegurado a través dunha mutua laboral ou dun seguro privado, o servizo de saúde ou a aseguradora do receptor pon dificultades para facerse cargo dos custos da doazón, así como dos da atención e tratamento das posibles complicacións da doazón, tanto no acto cirúrxico como nas repercusións que poida supoñer.

Por este motivo, considérase necesario clarificar estas situacións na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, detallando este aspecto no número 5.2.16 do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, co fin de evitar discrepancias de interpretación en relación co seu contido, de modo que non queden dúbidas de que o proceso de transplante no caso de doador vivo comporta a doazón e, por conseguinte, quen se debe facer cargo do transplante debe asumir tamén os seus custos.

Por outro lado, o anexo VII do dito Real decreto 1030/2006 establece o contido da carteira de servizos de prestación con produtos dietéticos, ao seren os trastornos do metabolismo de aminoácidos un dos trastornos metabólicos susceptibles de tratamentos dietoterápicos.

En aplicación do previsto na Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, recibíuse unha solicitude de inclusión do tratamento dos trastornos do metabolismo da serina con módulos de L-serina na carteira de servizos.

Realizadas as oportunas avaliacións sanitarias e económicas, a Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento acordou o 10 de xuño de 2010 a inclusión do tratamento deses trastornos na carteira de servizos comúns dentro da epígrafe de Trastornos do metabolismo dos aminoácidos non esenciais, por proposta do Comité asesor para a prestación con produtos dietéticos.

Co fin de poder incluír na oferta de produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde os módulos de L-serina, é preciso determinar o subtipo que lle corresponde, o indicador de referencia para o cálculo dos importes máximos de financiamento e o seu valor, de acordo co previsto no Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e para o establecemento dos seus importes máximos de financiamento.

Por tanto, esta orde ten por obxecto facer efectivas as previsións do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, clarificando o alcance do transplante de vivo e incluíndo os tratamentos dos trastornos do metabolismo da serina, e como consecuencia, as do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, actualizando os anexos I e III do dito real decreto.

Na súa tramitación emitiu informe preceptivo o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, foron oídos os distintos sectores afectados, así como o Consello de Consumidores e Usuarios, e consultadas as comunidades autónomas.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas pola disposición derradeira segunda do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, e pola disposición derradeira segunda do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. Modificación do anexo III do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

Modifícase o número 5.2.16 do anexo III do Real decreto 1030/2006, facendo unha referencia explícita á doazón de vivo, para o cal se engade o seguinte parágrafo:

«No caso concreto do transplante de vivo, tanto se é de órganos sólidos como alotransplante de proxenitores hematopoéticos (emparentado e non emparentado), o transplante levará asociada a atención relacionada co proceso da doazón, así como as súas posibles complicacións.»

Artigo 2. Actualización do anexo VII do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

Modifícase o anexo VII do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, no número 7.B Trastornos do metabolismo de aminoácidos, para incluír o seguinte punto dentro da epígrafe B.2 Trastornos do metabolismo dos aminoácidos non esenciais:

«B.2.3 Trastornos do metabolismo da serina:

Módulos de L-serina e de glicina.»

Disposición derradeira primeira. Modificación dos anexos I e III do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e para o establecemento dos seus importes máximos de financiamento.

1. Inclúese no anexo I do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, dentro do tipo MPAA - Módulos de aminoácidos, un novo subtipo: MPAA16, cuxa descrición é Módulos de L-serina.

2. Engádesse no anexo III do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, o correspondente valor do indicador de referencia do novo subtipo para o cálculo dos

importes máximos de financiamento dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde:

Subtipo	Indicador de referencia	Valor do indicador de referencia en euros
MPAA16.	Gramo de L-serina.	0,6701 €.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de marzo de 2011.—A ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, Leire Pajín Iraola.